

Proposta:

4.3 34774

(09/PNP-002553)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia Fariñas Sobrino, Hipólito, e 7 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitar, desde o respecto á autonomía dos centros educativos, a progresiva implantación do xadrez con carácter transversal e específico nos currículos de educación primaria e ESO Publicación da iniciativa, BOPG n.º 432, do 18.03.2015

O texto aprobado e definitivo é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias a prol de afondar na presenza do xadrez nas escolas mediante o fomento de proxectos de innovación educativa, o impulso da formación do profesorado e o desenvolvemento de recursos e metodoloxías que permitan, desde o respecto á autonomía dos centros educativos, a progresiva implantación desta disciplina con carácter transversal ou específico nos currículos de primaria e educación secundaria obrigatoria en atención aos proxectos educativos dos centros, e que este proxecto sexa levado a cabo en colaboración coas federacións de xadrez e outras asociacións representativas.»